

# XIII NOCTURNA ESTRADENSE

20.06.26

ORGANIZA



CONCELLO  
DA ESTRADA



Horarios de saída:

21.00h. Probas de **categorias inferiores**

23.00h. Proba **absoluta**

Inscrições:

[www.emesports.es](http://www.emesports.es)

SUPERVISIÓN TÉCNICA



COLABORA



PATROCINA



📍 A ESTRADA DEPORTE 📍 AESTRADA\_DEPORTE

## REGULAMENTO XIII ESTRANOITE 2026

O Concello da Estrada, en colaboración co Atletismo A Estrada, organizan o sábado día 20 de Xuño de 2026 a carreira popular XIII ESTRANOITE.

A proba será nocturna, dándolle un maior atractivo, e será o preludio das festas patronais de San Paio 2026 nun circuío urbano de asfalto de 4 km, que na proba absoluta terá unha distancia de 8 km, tendo que percorrer os participantes dúas voltas o mesmo.

Tanto a proba absoluta como as probas escolares celebraranse en circuítos pechados e valados. Os percorridos estarán indicados, controlados e sinalizados. A organización contará coa colaboración dos organismos municipais competentes, que colaborarán no control da carreira. A proba estará controlada polo Comité Galego de Xuíces da FGA.

### 1. CATEGORÍAS:

Poderán participar todas as persoas, sexan ou non federadas, das seguintes categorías:

- ➔ **PITUFOS:** Atletas nados/as no ano 2022 e posteriores.\*
- ➔ **PRE-BENXAMÍN:** Atletas nados/as nos anos 2019, 2020 e 2021.\*
- ➔ **BENXAMÍN/SUB 10:** Atletas nados/as nos anos 2017 e 2018.
- ➔ **ALEVÍN/SUB 12:** Atletas nados/as nos anos 2015 e 2016.
- ➔ **INFANTIL/SUB 14** Atletas nados/as nos anos 2013 e 2014.
- ➔ **CADETE/SUB 16:** Atletas nados/as nos anos 2011 e 2012.
- ➔ **XUVENIL/SUB 18:** Atletas nados/as nos anos 2009 e 2010.
- ➔ **JUNIOR/SUB 20:** Atletas nados/as nos anos 2007 e 2008.
- ➔ **PROMESA/SUB 23** Atletas nados/as nos anos 2004, 2005 e 2006.
- ➔ **SENIOR:** Atletas nados/as dende 1991 ata 2003.
- ➔ **MASTER A:** Atletas nados/as dende 1980 ata 1990.
- ➔ **MASTER B:** Atletas nados/as dende 1979 e anteriores.

\* As categorías pitufo e prebenxamín non son competitivas, non habendo clasificacións.

### 2. HORARIOS:

HORA	CATEGORÍA	DISTANCIA APROX.
21:00 h	PITUFOS	80 m
21:10 h	PREBENXAMÍN	200 m
21:20 h	BENXAMÍN/SUB 10	400 m (1 volta circuío A)
21:45 h	ALEVÍN/SUB 12	800 m (2 volta circuío A)
22:00 h	INFANTIL/SUB 14	900 m (1 volta circuío B)
22:20 h	<b>ENTREGA DE PREMIOS CARREIRAS CATEGORÍAS INFERIORES</b>	
22:40 h	CADETE/SUB 16	1.300 m (1 volta A+1 volta B)
23:00 h	XUVENIL/SUB 18 JUNIOR/SUB 20	4.000 m (1 volta circuío C)
	PROMESA/SUB 23 SENIOR MASTER	8.000 m (2 voltas circuío C)
0:15 h	<b>ENTREGA DE PREMIOS CARREIRA ABSOLUTA</b>	

### 3.- PERCORRIDOS:

A carreira realizarase pola vía de tráfico rodado en todo o seu percorrido, agás as zonas peonís sinalizadas como circuito.

Está prohibido usar como zonas de carreira as beirarrúas, glorietas, áreas axardinadas, e todo o que exceda os límites do circuito sinalizado. Incumprir esta norma, así como recortar o trazado oficial, pode implicar a descualificación das persoas infractoras.

A organización poderá modificar o percorrido por causas alleas e/ou de forza maior.

#### CIRCUITO A



#### CIRCUITO B





## 6. CLASIFICACIÓN:

A clasificación farase nas seguintes categorías: alevín, infantil, cadete, xuvenil, junior, promesa, senior, máster A e máster B; tanto masculina como feminina. Na proba 4K e 8K so haberá clasificación absoluta masculina e absoluta feminina. Establécese a clasificación segundo a orde de entrada en meta.

As clasificacións publicaranse unicamente en formato papel, na oficina de recollida de dorsais na zona de saída/meta (Sala Abanca), a medida que se os xuíces da proba as oficialicen.

O participante que ó longo do percorrido cometa algunha irregularidade será desqualificado.

## 7.- DESCUALIFICACIONES:

Todo corredor/a que incumpra as normas da competición ou as establecidas nos regulamentos RFEA e FGA referentes a probas en ruta, será excluído a criterio dos xuíces da FGA que farán a supervisión técnica da proba.

A organización resérvase a facultade de retirar da proba a/o atleta que manifieste un mal estado físico, que non lle facilite á organización a documentación que se lle requira, as e os corredores que non respecten as indicacións da Policía Local, Protección Civil, xurado, servizos médicos ou membros da organización debidamente identificados.

Todo/a atleta que entre na meta sen o seu dorsal será desqualificado.

As ou os xuíces da proba terán a facultade de desqualificar a persoa infractora que non leve visible o seu dorsal, que o manipule e/ou llo ceda a outra persoa, altere os datos facilitados á organización con respecto aos que figuren no seu DNI ou ficha federativa, non complete o percorrido, ou incumpra calquera outra norma contemplada nas normas da proba, non tendo opción a premiación.

Todas as reclamacións deberán ser dirixidas a organización da proba que as valorará co xurado da FGA con prazo máximo de 30 minutos despois da publicación dos resultados da proba da que se efectúe dita reclamación.

## 8.- PREMIOS E TROFEOS:

- Obsequio conmemorativo da proba ata esgotar existencias no momento de recoller o dorsal
- Os premios non son acumulativos.
- Trofeos os tres primeiros/as clasificados/as de todas as categorías, excepto nas categorías pitufo e prebenxamín, que non haberá trofeos e si medalla para todos os participantes.
- Trofeo na proba 4K os tres primeiros/as clasificados/as.
- Trofeo na proba 8K os tres primeiros/as estradenses en cruzar a liña de meta na proba absoluta.
- As/os gañadores da carreira absoluta (8K) terán como agasallo unha caixa degustación con botellas de Sidra da Estrada, da Asociación Maceira e Sidra.
- Trofeo o club/equipo aquel que obteña a menor puntuación cos seus 6 primeiros participantes que finalicen a proba absoluta (8K), independentemente do sexo e segundo a clasificación xeral. Os clubs/equipos non teñen porque ser oficiais e/ou federados, poden ser grupos de amigos/as que formalicen a inscrición baixo o nome dun equipo.
- Trofeo Máster, ao participante de maior idade que finalice a proba, indistintamente sexa home ou muller.
- So se poderá optar a trofeo na categoría que corresponda o participante segundo a

- súa idade e na que figure inscrito en tempo e forma.
- As/os atletas deberán situarse na zona próxima á entrega de trofeos no momento no que pola megafonía se faga o anuncio do seu comezo, así como estar pendentes da chamada a cada unha das categorías (masculina e feminina).
  - Con carácter xeral, as/os atletas que non se presenten no momento da entrega do seu trofeo, perderán o dereito a recollelo. Exclusivamente poderán subir ao podio as persoas nomeadas. Non se lle entregará o trofeo a ninguén que non sexa a/o propia/o atleta.
  - Aquelas persoas que poidan alegar unha causa xustificada pola súa ausencia no momento da entrega deberán poñer en contacto co AEstradaDeporte, durante un prazo máximo de 7 días, onde se custodiarán os trofeos non recollidos. Se non se recollen no prazo sinalado, entenderase que renuncian a el.

## **9. OUTRAS CONSIDERACIÓNS REGULAMENTARIAS:**

- Os corredores/as deberán situarse na zona de saída cinco minutos antes do inicio da súa proba.
- O longo do percorrido haberá controis a cargo da organización.
- Haberá servizo de vestiarios e duchas no pavillón polideportivo Manuel Coto Ferreiro, sito na zona deportiva, en horario de 23 a 00:30 horas.
- Todos os participantes polo feito de tomar a saída aceptan o presente regulamento.
- A organización da XIII ESTRANOITE non se fai responsable de perdas ou danos materiais que se poidan producir, así como outras persoas lle ocasionen os participantes desta carreira, nin dos que poidan recibir eles por parte de persoas ou obxectos.
- Haberá un servizo de urxencia dispoñible durante a duración da carreira

*Esta proba pertence ao Calendario Oficial da FGA e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día de ránking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avda. de Glasgow 13 15008 A Coruña.*